

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

GROVE, O

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA DA BIOMASA

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA XESTIÓN DA BIOMASA E DISTANCIA DAS PLANTACIÓNS DO CONCELLO DO GROVE.

Exposto ao público o acordo adoptado polo Pleno da corporación na sesión ordinaria do 3 de outubro de 2016, de aprobación inicial da Ordenanza xeral reguladora da “xestión da biomasa e distancia das plantacións, do Concello do Grove”, por un prazo de trinta días, que comezou a contar desde o día seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do día 9 de novembro de 2016, para que este puidese ser examinado e se puidesen presentar as reclamacións e suxestións que se considerasen oportunas.

Rematado o referido prazo de exposición pública sen que se presentase reclamación ou suxestión ningunha, segundo consta no certificado emitido pola Secretaría municipal, considérase definitivamente aprobado o dito acordo, conforme o establecido no artigo 49.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), polo que se publica segundo o disposto no artigo 70.2 da mesma lei, e que é do seguinte teor literal:

Acordo do Pleno Municipal de 3 de outubro de 2016:

O Pleno desta corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o 3 de outubro de 2016 adoptou o seguinte acordo con 13 votos a favor e 4 abstencións.

Asunto: aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións do Concello do Grove.

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da xestión da biomasa e distancias das plantacións do Concello do Grove.

SEGUNDO. Someter a dita ordenanza a información pública e audiencia aos interesados, coa publicación do anuncio no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de 30 días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestión no mencionado prazo, considerarase definitivamente aprobada sen necesidade de acordo expreso do Pleno.



TERCEIRO. Facultar o Sr. alcalde-presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

ORDENANZA REGULADORA DA XESTIÓN DA BIOMASA E DISTANCIAS DAS PLANTACIÓNS DO CONCELLO DO GROVE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De conformidade coa potestade regulamentaria atribuída polos artigos 4.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora do réxime local e 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, o Concello do Grove por medio da presente ordenanza propónse a regulación da xestión da biomasa e da distancia das plantacións, no solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, no ámbito das súas competencias co obxecto de conseguir as axeitadas condicións de salubridade e seguridade para previr e evitar os incendios, protexendo deste as infraestruturas e equipamentos sociais, as zonas edificadas e as áreas forestais e naturais de valor especial.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Fundamento

A presente ordenanza é de aplicación no marco do disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e tamén na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Artigo 2. Finalidade

Está ordenanza ten natureza non fiscal e a súa finalidade é establecer as condicións para levar adiante a xestión da biomasa e a fixación das distancias para plantacións nos terreos clasificados como urbanos, de núcleo rural ou urbanizables delimitados situados no termo municipal do Grove.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

A presente ordenanza é de obrigado cumprimento para as persoas responsables conforme o definido no artigo 4, que teñan o seus terreos dentro do termo municipal do Grove.

Conforme o disposto no artigo 4.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, a presente ordenanza será de aplicación en todo o non previsto pola lexislación básica.



Artigo 4. *Persoas responsables*

Para os efectos desta ordenanza, entenderase como persoas responsables as persoas titulares ou, de ser o caso, as titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos urbanos, urbanizables delimitados e de núcleo rural, así como as administracións, as entidades ou as sociedades que teñan encomendada a competencia sobre a xestión, ou cedida esta en virtude dalgunha das formas previstas legalmente, das vías de comunicación e das liñas de transporte de enerxía eléctrica, sobre os tipos de solo referidos anteriormente.

Artigo 5. *Definicións*

Para os efectos desta ordenanza, defínense os seguintes termos:

- *Solo urbano*: terreos que o planeamento urbanístico (Plan Xeral ou Normas Subsidiarias de Planeamento) tivera definido e clasificado como tal en virtude do disposto no artigo 16 da Lei 2/2016.
- *Núcleos rurais*: terreos que se incluían dentro dos núcleos rurais delimitados no planeamento municipal, de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 2/2016.
- *Solo urbanizable delimitado*: terreos que, non tendo a condición de solo urbano, de núcleo rural nin de solo rústico, o planeamento urbanístico tivese definido e clasificado como tal ao poder ser obxecto de transformación urbanística nos termos fixados no artigo 27 da antedita Lei 2/2016.
- *Xestión da biomasa*: a creación e mantemento da descontinuidade horizontal e vertical da carga de combustible, a través do control ou eliminación parcial ou total da biomasa vexetal por medio do emprego das técnicas máis recomendadas e coa intensidade e frecuencia para o cumprimento do obxecto previsto nesta ordenanza. Tendo en canto que os terreos situados en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable delimitado teñen unha natureza residencial ou habitacional, polo que os riscos para os bens e as persoas, por motivos de incendios da vexetación, deben minorarse drasticamente e primar a seguridade.
- *Repoboación forestal*: introdución de especies forestais nun terreo mediante sementeira ou plantación. Pode ser forestación ou reforestación.
- *Forestación*: repoboación, mediante sementeira ou plantación, dun terreo que era agrícola ou estaba dedicado a outros usos non forestais.
- *Reforestación*: a reintrodución de especies forestais, por medio de sementeira ou plantación, en terreos que xa estiveron poboados forestalmente ata épocas recentes, pero que quedaron rasos por mor de cortas, incendios, vendavais, pragas, enfermidades ou outros motivos.



CAPÍTULO II. DA XESTIÓN DA BIOMASA

Artigo 6. Xestión da biomasa

As persoas responsables terán a obriga de xestionar a biomasa das terras incluídas en solo urbano, urbanizable delimitado ou de núcleo rural conforme os criterios establecidos nesta ordenanza, así como mantelas nas debidas condicións de seguridade e salubridade, debendo proceder á súa desinfección e desratización periódica.

Artigo 7. Criterios de xestión da biomasa

1.—Consonte o disposto na Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, as persoas responsables dos terreos situados en solo urbano, urbanizable delimitado ou núcleo rural deberán acometer os criterios de xestión da biomasa establecidos neste artigo para cada clase de terreo, en todo caso, antes do 30 de xuño de cada ano.

2.—Nos terreos clasificados como solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado, as persoas responsables deberán facer a xestión da biomasa na totalidade da parcela conforme os seguintes criterios:

a) Xestionar a biomasa vexetal mantendo as parcelas e soares libres de vexetación silvestre ou espontánea, agás o estrato herbáceo, que só poderá alcanzar unha altura de 20 centímetros, incluída a arbórea, que manterá unha distancia mínima de 15 metros ás vivendas e edificacións preexistentes, medidos dende o paramento das edificacións. Este criterio no que respecta as distancias das árbores non será aplicable en áreas catalogadas como zonas verdes, ou parques e xardíns municipais.

Con carácter xeral no caso do estrato arbóreo terase en conta a distancia estipulada, salvo medidas correctoras e informe técnico correspondente dos servizos municipais que así as aproben.

b) Poda e rareo do estrato arbóreo de forma que se manteña unha discontinuidade horizontal entre as copas das árbores e vertical entre estas e os estratos herbáceo e arbustivo. Este criterio non será aplicable en áreas catalogadas como zonas verdes, en parques e xardíns municipais, árbores senlleiras ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas e non supoñan un mínimo risco para a propagación de incendios incontrolados de vexetación.

3.—Nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter da lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, xestionar a biomasa



vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión de biomasa estipulados na Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento. Ademais, nos primeiros 30 metros, desde a franxa perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira da lei 3/2007, que se recollen no anexo I desta ordenanza. As distancias mediranse desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, de ser o caso.

As distancias, no caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións mediranse sempre desde o paramento das propias edificacións. No caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, mediranse desde o límite das instalacións.

No caso de cámpings, gasoleiras e industrias en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, as distancias para as especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007 serán de 50 metros, desde o límite das instalacións. No caso dos cámpings, esta distancia medirase desde o peche perimetral.

4.—Tal e como establece a disposición transitoria terceira Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais, mentres non se definan as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, serán directamente aplicables as obrigas derivadas do disposto no artigo 21 da lei, descritas no punto 3 deste artigo.

Artigo 8. Execución subsidiaria

Se as persoas responsables non realizasen os traballos de xestión da biomasa nos prazos fixados polo Concello, este poderá levalos adiante, logo do previo apercebimento en forma e sen prexuízo da imposición, logo da tramitación do oportuno expediente, das sancións procedentes.

Os custos derivados deses traballos serán repercutidos, se é o caso, ás persoas responsables, procedendo, de ser o caso, ao cobramento dos gastos que se ocasionen ao Concello a través do procedemento de prema.



CAPÍTULO III: DAS DISTANCIAS DAS PLANTACIÓNS

Artigo 9. Prohibicións e distancias das repoboacións forestais e plantacións

1.—De conformidade co disposto na Lei 7/2012, de montes, quedan prohibidas as repoboacións forestais nos terreos clasificados como solo urbano, urbanizable delimitado e de núcleo rural.

2.—De ser o caso, as repoboacións forestais preexistentes antes da entrada en vigor da Lei 7/2012, de montes, deberán adecuarse para gardar, respecto das edificacións, vivendas illadas, pozos, e instalacións industriais, a distancia mínima de 15 metros cando se trate de especies frondosas (anexo II desta ordenanza), e de 30 metros no resto de especies, tal e como establece a Lei 7/2012, de montes de Galicia.

3.—Nos supostos de plantacións de árbores froiteiras, sebes ou árbores ornamentais, as distancias serán as fixadas na correspondente ordenanza urbanística deste concello e de non existir, serán as fixadas pala normativa que resulte de aplicación.

Artigo 10. Distancias de plantacións arbustivas

A VIVENDAS:

Arbustos de ata 2 metros de altura: 1 metro lineal

Arbustos de máis de 2 metros de altura: 7 metros lineais

Edificios non vivenda (arbustos de máis de 2 metros de altura): 7 metros lineais

A PRADERÍAS E TERRAS DE LABOR:

Arbustos de ata 2 metros de altura: Sen limitación

Arbustos de máis de 2 metros de altura: 3 metros lineais

A CAMIÑOS PÚBLICOS:

Nestes casos deixaranse 5 metros lineais desde o eixe e 2 metros lineais desde o bordo.

As conducións municipais de abastecemento ou evacuación de augas: 5 metros lineais.



A OUTRAS PLANTACIÓNS:

Arbustos de ata 2 metros de altura: Sen limitación

Arbustos de máis de 2 metros de altura: A mesma das plantacións existentes, cun máximo de 3 metros lineais.

Artigo 11. Licenzas e permisos para cortas

1. As cortas e os abatementos de árbores que constituían masa arbórea, espazo boscoso, arboredo ou parque en solo urbano, núcleo rural e urbanizable delimitado estarán suxeitas á obtención da previa licenza municipal por parte deste concello.

2. Así mesmo, segundo o establecido na Lei 7/2012 de montes, o aproveitamento das masas forestais existentes no momento da entrada en vigor da Lei 7/2012 en solos urbanizables delimitados estará sometido ao réxime de autorizacións da citada lei ata o desenvolvemento urbanístico dos citados solos, momento en que precisarán da licenza municipal descrita no punto 1 deste artigo.

CAPÍTULO IV: RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 12. Competencia

Correspóndelle ao Concello do Grove, a través da Alcaldía ou concelleiro no que delegue, a inspección e sanción das infraccións, logo da instrución do correspondente expediente, das obrigas reguladas nesta ordenanza.

Cando se detecten infraccións de índole penal ou de competencia doutras administracións, darase conta inmediata destas á autoridade ou organismo que corresponda.

Artigo 13. Clasificación das infraccións

Considéranse infraccións administrativas en relación coas materias ás que se refire esta ordenanza os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Artigo 14. Infraccións leves

a) Constitúen infracción leve as condutas constitutivas de infracción reguladas nesta ordenanza cando non deban cualificarse como graves ou moi graves.

b) Non proceder á xestión da biomasa cos criterios regulados nesta ordenanza.



Artigo 15. Infraccións graves

a) Non proceder á xestión da biomasa cos criterios establecidos nesta ordenanza, unha vez notificada a súa obriga e despois de serlle notificada a valoración do custo destas, cando exista risco inminente de incendio para as vivendas e persoas.

b) Non lle permitir o acceso ao persoal de vixilancia para a inspección dos terreos.

c) A negativa a lle subministrar información á autoridade municipal, funcionarios e axentes en cumprimento das súas funcións.

d) A realización de plantacións sen gardar as distancias establecidas na presente ordenanza.

e) A realización de plantacións nos lugares expresamente prohibidos na presente ordenanza.

f) A reincidencia en infraccións leves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción leve, cando así fose declarado por unha resolución firme.

Artigo 16.—Infraccións moi graves

a) Cando houberse grave repercusión nos recursos naturais.

b) A reincidencia en infraccións graves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción grave, cando así fose declarado por resolución firme.

e) A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios e axentes.

Artigo 17. Sancións

1. As sancións aplicables serán as seguintes:

a) Por infraccións leves, multa desde 100 a 600 euros.

b) Por infraccións graves, multa desde 601 a 1.500 euros.

e) Por infraccións moi graves, multa de 1.501 a 3.000 euros.

2. As sancións graduaranse en función dos seguintes criterios:

a) Grao de intencionalidade.

b) Contía do beneficio obtido.

c) Natureza dos prexuízos causados.



Disposición adicional

Como anexo I a esta ordenanza inclúese a relación de especies non permitidas nas redes secundarias de xestión de biomasa, recollidas da disposición adicional 1ª da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais; e como anexo II, a relación de especies de frondosas, recollidas do anexo I da Lei 7/2012, de montes de Galicia.

ANEXO I. Relación de especies non permitidas nas redes secundarias de xestión da biomasa:

- Piñeiro do país: *Pinus pinaster*
- Piñeiro de Monterrei: *Pinus radiata*
- Piñeiro silvestre: *Pinus sylvestris* L.
- Piñeiro de Oregón: *Pseudotsuga menziesii*
- Mimosa: *Acacia dealbata*
- Acacia negra: *Acacia melanoxylum*
- Eucalipto: *Eucalyptus* spp
- Queiruga: *Calluna vulgaris*
- Carqueixa: *Chamaespartium tridentatum*
- Xesta: *Cytisus* spp
- Carpaza: *Erica* spp
- Piorno: *Genista* spp
- Fento: *Pteridium aquilinum*
- Silva: *Rubus* spp
- Toxo: *Ulex europaeus*



ANEXO II. Relación de especies de frondosas

Ameneiro: *Alnus glutinosa* (L.) Gaertn.

Pradairo: *Acer pseudoplatanus* L.

Bidueiro: *Betula* sp.

Freixo: *Fraxinus excelsior* L.

Freixa: *Fraxinus angustifolia* Vahl.

Castiñeiro: *Castanea sativa* Mill.

Castiñeiro híbrido: *Castanea* x híbrida (resistente tinta)

Cerdeira: *Prunus aviun* L.

Carballo: *Quercus robur* L.

Cerquiño: *Quercus pyrenaica* Will.

Sobreira: *Quercus suber* L.

Carballo albar: *Quercus petraea* (Matts) Liebl.

Acíñeira: *Quercus ilex* L. ssp. *ballota* (Desf.) Samp. *Quercus rotundifolia* Lam.

Abeleira: *Corylus avellana* L.

Faia: *Fagus sylvatica* L.

Umeiro: *Ulmus glabra* Huds. *Ulmus minor* Miller.

Loureiro: *Laurus nobilis* L.

Sorbeira do monte: *Sorbus aria* L.

Capudre: *Sorbus aucuparia* L.

Nogueira: *Juglans regia* L.

Érbedo: *Arbutus unedo* L.



Disposición Transitoria

Os propietarios de plantacións forestais existentes á entrada en vigor da presente ordenanza que, como consecuencia da súa aplicación, se atoparan a unha distancia menor a regulada no seu artigo 7, disporán dun período máximo de dous anos para adaptarse a citada disposición, agás autorización do órgano competente da Xunta de Galicia en materia forestal.

Disposición Derrogatoria

Queda, derogadas todas as disposicións municipais que contraveñan o disposto na presente ordenanza

Disposición derradeira

A entrada en vigor da presente ordenanza, una vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, producirase conforme o establecido no artigo 70 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, en consonancia co artigo 65.2 desta mesma norma.

Contra o presente acordo as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante a Sala Contencioso-Administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que comezará a contar o día seguinte ao da publicación deste anuncio, consonte os artigos 30 e 112.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O Grove, 26 de xaneiro de 2017.—O alcalde, José A. Cacabelos Rico.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

